

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS

ÍNDICE


CAPÍTULO I	OBXECTO DO PREGO
CAPÍTULO II	CAUDAIS, ÍNDICES E CONDICIÓN S DE DEPURACIÓN
CAPÍTULO III	PERSOAL
CAPÍTULO IV	MATERIAIS, REPOSICIÓN E SUMINISTROS
CAPÍTULO V	PARADAS E AVARÍAS
CAPÍTULO VI	MELLORAS E AMPLIACIÓN S
CAPÍTULO VII	INSPECCIÓN E VIXIANCIA
CAPÍTULO VIII	GASTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

CAPÍTULO I OBXECTO DO PREGO

BASE 1ª.- No presente prego recóllense as bases que rexerán para a Contratación de Servicos de Mantemento, Conservación e Explotación da Estación Depuradora de Augas Residuais de Silleda, en diante EDAR, que comprende as instalación s definidas no proxecto de construción, de maneira que se asegure o seu funcionamento e se efectúen cantas labores de mantemento e conservación sexan precisas.

BASE 2ª.- Os servicos obrigaros que ha de realizar o contratista son:

1. Manter o funcionamento normal da estación de forma ininterrumpida e conseguindo en todo momento uns índices de depuración que correspondan, como mínimo, ós requerimento previsto no proxecto constructivo da EDAR e recollidos no Anexo I.
1. Retirar nas debidas condición s hixiénicas, transportar e verter nos lugares adecuados as graxas, areas e residuos do puzo de grosos, rellas e tamices recollidos na Planta.



1. Desecar os lodos producidos ata acadar o límite da humidade indicada no presente prego, para que poidan ser retirados de maneira doada e sen cheiros polo contratista.
1. Conservar en perfecto estado tódolos elementos da Planta e instalacións anexas.
1. Manter adecuadamente tódalas instalacións e equipos da EDAR e instalacións anexas. Deberá subscribir os correspondente contratos de mantemento con empresas homologadas, dos elementos e instalacións da Plantra, conforme á lexislación vixente.
1. Reparar ou reponer tódolos elementos avariados e deteriorados das propias instalacións e instalacións anexas.
1. Adquirir ó seu cargo tódolos materiais, produtos e suministros precisos para o debido mantemento, conservación e explotación.
2. Conservar e manter en perfecto estado tódalas instalacións existentes de control, automatismo e información da Planta. A tal fin deberán subscribir os correspondentes contratos de mantemento.
1. Manter en perfecto estado de limpeza e pintura tódolos elementos e instalacións da EDAR.
1. Conservar nas debidas condicións, tódolos elementos anexas á EDAR, tales como xardíns, camiños interiores e edificacións auxiliares.
1. Subscribir unha póliza de responsabilidade civil con cobertura de 601.012,10 € por sinistro e patronal para cada anualidade.
1. Rexistrar e analizar as características dos parámetros que definen o proceso das liñas de auga, fangos e auxiliares para o seu debido control e funcionamento.
1. Comunicar ós Servicios Técnicos do Concello de forma inmediata, calquera incidencia que afecte ás instalacións de depuración.
1. E en xeral, cantas operacións e cuidados sexan precisos para cumprir co fin iniciado no apartado 1.

CAPÍTULO II. CAUDAIS, ÍNDICES E CONDICIÓN DE DEPURACIÓN.

BASE 3ª.- Como características medias das augas a tratar, tomaranse as indicadas no proxecto EDAR. As características principais serán as seguintes:

CAUDAIS DE DIMENSIONAMENTO:

A/ DATOS XERAIS

Parámetros:

* Caudal medio	58 m ³ /h
* Caudal máximo pretratamento.....	360 m ³ /h
* Caudal máximo biolóxico.....	180 m ³ /h

B/ RESULTADOS A OBTER:

1) Características da auga depurada

A Directiva Comunitaria relativa á depuración de augas residuais (911/271/CEE) transposta á lexislación nacional polo Real Decreto-Lei 11/1995, fixa os límites de verquido de augas depuradas, para os distintos parámetros considerados (ou a redución mínima da contaminación con respecto ós valores de partida) e que serán de aplicación á Planta depuradora, sendo os seguintes:

* DBO 5.....	25 mg/l
* DQO.....	125 mg/l
* Sólidos en Suspensión.....	35 mg/l
* Nitróxeno Total.....	15mg/l ó 70-80% redución (+)
* Fósforo Total.....	2 mg/l

(+) Só para zonas sensibles, anque no proceso tecnolóxico proposto na solución bse conseguírase unha redución do 90% con respecto ós valores de partida indicados e do 80% no caso de concentracións iniciais moi superiores ás estimadas.

2) Características do Lodo

O Lodo procedente da depuración despois de tratado e analizado, terá as seguintes características:

- * Sequidade: Sólidos secos totais (% en peso materia seca) máis do 25%.
- * Estabilidade: Sólidos Voátiles (% de sólidos) menos do 40 %.

BASE 4ª.- No caso de chuvias dispóñense os correspondentes aliviadoiros en pretratamento en Planta, polo que trataranse os caudais recollidos no proxecto da EDAR.

BASE 5ª.- Non se autoriza verquido ningún fóra da EDAR das augas residuais sen o tratamento.

BASE 6ª.- A boa marcha da depuración comprobarase pola determinación dos índices recollidos na Base 3ª e no proxecto da Edar.

BASE 7ª.- O contido de humidade dos lodos xa desecados e o tanto por cento en peso de materia volátil, deberán conseguir as porcentaxes indicadas no proxecto da Edar e na Base 3ª.



BASE 8ª.- As determinacións que se indican nas Bases 6ª e 7ª faranse de acordo cos métodos de análise oficiais e con aqueles que o Departamento Técnico do Concello decida para cada caso específico.

A Dirección Técnica do Concello poderá ordear ou realizar outros ensaios, para un mellor coñecemento da marcha da depuración.

BASE 9ª.- Será obriga e a conta do adxudicatario, a retirada das areas, graxas, residuos do puzo de grosos, rellas e tamices, recollidos na prante, así como o seu transporte e depósito en vertedoiros autorizados.

BASE 10ª.- No caso de que aparezan nas augas residuais ou substancias non permitidas, comunicarase a súa presenza ós Servicios Técnicos do Concello, que determinará se se está no caso de suspender temporal ou parcialmente, algunha das fases do proceso de tratamento.

CAPÍTULO III. PERSOAL

BASE 11ª.- O adxudicatario deberá dispoñer de persoal preciso para garantir a correcta realización en todo momento dos labores de explotación, mantemento e conservación da Planta. O fronte do persoal e para tódalas relacións cos Servicios Técnicos co Concello haberá un Titulado Superior especializado no tratamento de augas residuais.

O resto do persoal da Empresa concesionaria, terá unha formación profesional e experiencia acordes coas funcións que vaian a ter encomendadas.

O Explotador distribuirá o persoal nos oportunos turnos de traballo de tal maneira que se cubran tódolos días do ano.

A variación e substitución do persoal deberá ser razonada e posta en coñecemento dos Servicios Técnicos Municipais antes de proceder á mesma.

BASE 12ª.- Para atender as necesidades e incidencias que se presenten na estación depuradora o Contratista dispoñerá pola súa conta dos vehículos que estime necesarios.

BASE 13ª.- O persoal deberá atender con toda corrección ós representantes do Departamento Técnico Municipal, en cantas visitas, inspeccións e traballos efectúen nas instalacións, proporcionándolles así mesmo, tódolos datos ou detalles que soliciten.

BASE 14ª.- Todo o persoal que empregue o adxudicatario para a prestación do servizo deberá percibir como mínimo, os haberes ou xornais fixados nas correspondentes regulamentacións laborais e estará en todo momento ó corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

BASE 15ª.- O Concello non terá relación de ningún tipo co persoal, nin durante a vixencia do contrato nin a súa terminación.



BASE 16ª.- Todo o persoal da Contrata, que dea servizo na Planta, deberá actuar correctamente uniformado e identificado.

BASE 17ª.- Aparte do persoal vencellado ó contratista e o Departamento Técnico do Concello, non se permitirá a entrada nas instalacións a ningunha outra persoa que non vaia provista dunha autorización expresa e nominal, expedida para cada caso concreto polo Departamento citado.

CAPÍTULO IV MATERIAIS, REPOSICIÓN E SUMINISTROS.

BASE 18ª.- O Contratista queda na obriga de dispoñer nas instalacións, de tódolos materiais, aparatos, ferramentas e repostos precisos para o seu funcionamento normal e para as reparacións de rutina.

BASE 19ª.- O contratista estará obrigado á introducción das melloras e complementacións que a de seguido se detallan:

- a) Material de oficina, taller, etc. necesarios
- b) Equipos de seguridade de forma que se cumpran as normas vixentes sobre Seguridade e Hixiene no Traballo.

BASE 20ª.- Nos sete primeiros días desde a data de comezo dos servizos do contratista, procederase por éste e polos Servizos Técnicos do Concello, a redactar un inventario contradictorio de tódolos materiais, aparatos, ferramentas e repostos que existan na Estación Depuradora.

O Contratista repoñerá cantos elementos incluídos no inventario se consuman, deteriorenen ou desaparezan, mantendo este ó día. Podería pola súa parte, aumentar á súa costa o número e clase de repostos se o considera conveniente para o bo funcionamento das instalacións, incluíndose tamén no inventario.

BASE 21ª.- Serán de conta do contratista, tódolos suministros de produtos funxibles precisos para o debido mantemento da estación e o seu funcionamento correcto, debendo manter no almacén os suficientes, para facer fronte a calquera eventualidade que se pode presentar na entrega de produtos polos respectivos abastecedores.

BASE 22ª.- Serán por conta do Concello os seguintes suministros:

- a) Os gastos derivados daquelas probas ou ensaios que teñan por obxecto a mellora dos rendementos ou a mellor adaptación das instalacións ás novas disposicións legais, agás que os mesmos foran ofertados polo licitador como melloras, e polo tanto, incorporados ó obxecto do contrato.



b) O consumo de cloro para adicionar ó efluente naqueles casos que determine a Dirección do Concello, que será aboado pola administración na certificación correspondente.

Serán de conta do contratista, os produtos químicos precisos para o bo funcionamento da Planta.



BASE 23ª.- Os gastos de consumo eléctrico ocasionado polo funcionamento da Estación Depuradora e instalacións anexas, serán por conta do contratista.

CAPÍTULO V PARADAS E AVARIÁS

BASE 24ª.- A Planta operará baixo o principio de mantemento preventivo, planeado para evitar roturas de tipo mecánico, paros xerais por reparación de elementos esenciais e conseguir unha operatividade da instalación en proceso continuado.

En principio, e dádalas características constructivas da Planta, prevense paradas xerais de Planta para realizar o mantemento no pozo de bombeo de auga bruta. Estas poderán ser acordadas polo Concello, previa solicitude razoada do Explotador.

Anualmente realizarase, en colaboración co Concello, unha inspección sobre do estado de mantemento das instalacións da cal se realizará un informe escrito.

BASE 25ª.- O Contratista deberá reparar rápidamente e á súa conta, cantos desperfectos e avarías se produzan nas instalacións.

Sempre que sexa posible, as reparacións faranse na propia estación, agás aquelas de esencial importancia que requiran a substitución de elementos complexos ou o traslado dos elementos avariados a taller.

BASE 26ª.- As reparacións de elementos da Planta que impidan a continuidade do funcionamento normal desta, faranse no prazo máximo de 48 horas. Se se trata de elementos dispoñibles no mercado e non poden repararse no prazo citado, serán reempresados de maneira provisoria por outros semellantes en tanto se repara o avariado, previa conformidade dos Servicios Técnicos do Concello e a cargo do Contratista.

Se houbera imposibilidade de reparar ou substituir a máquina avariada no prazo citado, o Contratista estará estrictamente ó que ordeen os Servicios Técnicos do Concello, procedendo, en todo caso coa maior dilixencia.

CAPÍTULO VI MELLORAS E AMPLIACIÓNS

BASE 27ª.- O Contratista poderá propoñer toda clase de melloras á súa costa durante a vixencia do contrato, e o Servicio Técnico do Concello será libre de aceptalas ou non. No caso da súa aceptación, non producirán modificacións do respectivo canon, aínda cando dean lugar a economías nos gastos de mantemento, conservación ou explotación.

CAPÍTULO VII INSPECCIÓN E VIXIANCIA.



BASE 28ª.- O Contratista adjudicatario deberá atender a cantas ordes sexan dictadas polos Servicios Técnicos do Concello, para o cal, existirá na Estación un Libro de Ordes foliado, firmado e selado pola Dirección dos devanditos Servicios, ós que poderá acudir o Contratista no caso de disconformidade con algunha orde dentro do prazo máximo de 24 horas.

BASE 29ª.- Para a debida comprobación do cumprimento das condicións deste Prego de Bases e das ordes do Servicio Técnico do concello, este designará os técnicos que crean convenientes, dando conta delo por escrito ó Contratista.




CAPÍTULO VIII GASTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

BASE 30ª.- Ademais de tódolos gastos precisos para o cumprimento do establecido neste Prego de Bases, serán tamén por conta do Contratista os que se orxinen pola montaxe, desmontaxe e retirada da calquera clase de instalacións, os de protección de materiais, seguridade tanto de persoas ó servizo da Planta como visitantes, así como equipos e instalacións, danos e incendios; os de conservación e repación de camiños, xardíns, pasarelas e desaugues; os que afecten á limpeza xeral da Planta; os ocasionados pola corrección das deficiencias que se poñan de manifesto nas inspeccións, ensaios e probas sobre a marcha da instalación e o estado dos seus elementos.

Así mesmo, serán de conta do contratista, os gastos ocasionados pola subscripción da póliza de seguro de responsabilidade civil, por un importe de 601.012,10 Euros, por sinistro e patronal para cada anualidade. Esta póliza deberá subscribirse durante o primeiro mes de prestación do Servicio.

BASE 31ª.- Serán tamén de conta do Contratista, os gastos de outorgamento do contrato de adjudicación, incluso os correspondentes impostos, os de anuncios e os de cantos recargos ou impostos sexan inherentes á prestación do servizo e tramitación de documentos que a és se refiran, incluso los do Imposto do Valor Engadido (IVE).

DILIXENCIA.- Para facer constar que o precedente Prego de Cláusulas Particulares foi aprobado mediante acordo adoptado pola Xunta Goberno Local en sesión de 23 de maio de 2014. E que se publicou na convocatoria de concurso no Boletín Oficial da Provincia nº.....correspondente ó día....., así como no Perfil do Contratante.



MODELO DE PROPOSICIÓN

PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NA CONTRATACIÓN MEDIANTE CONCURSO EN PROCEDIMENTO ABERTO DA CONCESIÓN DA XESTIÓN INDIRECTA DO SERVICIO PÚBLICO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS MEDIANTE A EXPLOTACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA EDAR DE SILLEDA

D.....con D.N.I.
nº..... do que se adxunta fotocopia, con enderezo en,
R/.....,
en.....(Nome propio ou en
representación de), segundo acredito con copia de poder ó
meu favor outorgado que acompañe suficientemente bastantado, enterado da
convocatoria de CONCURSO EN PROCEDIMENTO ABERTO, que efectúa o
Concello de Silleda para a contratación indicada, comprométese a desenvolver a mesma
nos termos e condicións que establece Prego de cláusulas administrativas particulares
e de condicións técnicas que a rixe, que declaro coñecer e aceptar na súa integridade,
polo seguinte prezo (Euros en letra e número)

Adxúntase a restante documentación relativa á prestación do servizo.

(Lugar, data e firma)

MANUEL QUINTANS QUEIRUGA, Secretario Xeral do Concello de **SILLEDA**,

CERTIFICO:

Que no Pleno celebrado o 28 de Marzo do 2012 aprobouse do denominado PLAN DE AXUSTE RD – LEY 4-2012, en cumprimento das medidas das medidas fixadas no Real Decreto Lei 4/2012, do que se extracta as referidas ao Capítulo de I de Gastos de Persoal dos Orzamentos, segundo a trascrición que segue:

(...)

1. Medidas no ámbito de Gastos:

As medidas de contención do gasto serán aplicables na medida do posible a partir da aprobación do plan de axuste polo Pleno da Corporación, si ben súa eficacia despregará seus efectos con integridade a partir do ano 2013 e seguintes, dado o avanzado estado de execución do orzamento actual.

Capítulo 1.

A partir da elaboración deste plan adoptaranse as seguintes medidas:

- 1. Reducción da plantilla de persoal, coa finalidade de corrixir o excesivo porcentaxe que supón este capítulo no total presuposto.*
- 2. Desaparición do complemento de produtividade.*
- 3. Non se procederá a efectuar novas contratacións temporais salvo as necesarias para a cobertura de servizos públicos esenciais e sempre que resulta acreditada a urxencia ou inaplazabilidade.*
- 4. Amortización de prazas vacantes e amortización parcial de futuras xubilacións.*
- 5. Reestructuración de departamentos para optimizar os servizos e recursos.*
- 6. Revisión do convenio colectivo, como mínimo, en materia de horario, complementos de IT e días de asuntos propios.*
- 7. Revisión de complementos salariais.*
- 8. Non cobertura de vacantes que se manteñan en plantilla.*


Como consecuencia das medidas anteriores estímase que no ano 2012 producirase unha redución moderada en gasto de persoal, que a partir do ano 2014 podería supoñer mais de 275.000,00 euros de aforro.

(...)

E para que conste, ós efectos legais oportunos, asino a presente en SILLEDA a 25 de Xuño de 2014.



V.º e P.º
O ALCALDE
As. S. Manuel Cuiña Fernandez



O SECRETARIO
As. Manuel Quintans Queiruga

MANUEL QUINTANS QUEIRUGA, Secretario Xeral do Concello de SILLEDA,

CERTIFICO:

Que no Pleno celebrado o 28 de Marzo do 2012 aprobouse do denominado PLAN DE AXUSTE RD – LEY 4-2012, en cumprimento das medidas das medidas fixadas no Real Decreto Lei 4/2012, do que se extracta as referidas ao Capítulo de I de Gastos de Persoal dos Orzamentos, segundo a transcripción que segue:

(...)

1. Medidas no ámbito de Gastos:

As medidas de contención do gasto serán aplicables na medida do posible a partir da aprobación do plan de axuste polo Pleno da Corporación, si ben súa eficacia desplegará seus efectos con integridade a partir do ano 2013 e seguintes, dado o avanzado estado de execución do orzamento actual.

Capítulo 1.


A partir da elaboración deste plan adoptaranse as seguintes medidas:

- 1. Reducción da plantilla de persoal, coa finalidade de corrixir o excesivo porcentaxe que supón este capítulo no total presuposto.*
- 2. Desaparición do complemento de produtividade.*
- 3. Non se procederá a efectuar novas contratacións temporais salvo as necesarias para a cobertura de servizos públicos esenciais e sempre que resulta acreditada a urxencia ou inaplazabilidade.*
- 4. Amortización de prazas vacantes e amortización parcial de futuras xubilacións.*
- 5. Reestructuración de departamentos para optimizar os servizos e recursos.*
- 6. Revisión do convenio colectivo, como mínimo, en materia de horario, complementos de IT e días de asuntos propios.*
- 7. Revisión de complementos salariais.*
- 8. Non cobertura de vacantes que se manteñan en plantilla.*


Como consecuencia das medidas anteriores estímase que no ano 2012 producirase unha redución moderada en gasto de persoal, que a partir do ano 2014 podería supoñer mais de 275.000,00 euros de aforro.

(...)

E para que conste, ós efectos legais oportunos, asino a presente en SILLEDA a 25 de Xuño de 2014.



V.º e P.º
O ALCALDE
As. Manuel Cuíña Fernández



O SECRETARIO
As. Manuel Quintans Queiruga